

XUNTOS FACEMOS MÁIS POR CHAMÍN e SORRIZO

Houbo grandes avances en Chamín e Sorrizo como é o caso do centro social ou a construción de novos parques, sempre buscando potenciar ao máximo toda a riqueza natural que ofrecen estas parroquias.

FEITOS

- ✓ **CENTRO SOCIAL EN A LAGOA.** Edificio de dúas plantas con máis de 200 metros cadrados cada unha para situar o centro social e a Escola Unitaria, con praza exterior, xardín e zona protexida para xogos.
- ✓ **APARCAMENTO EN A LAGOA.** O Concello de Arteixo mercou varias fincas co obxectivo de ampliar o espazo de aparcamento na zona.
- ✓ **MUSEO MAR DE SORRIZO.** O concello ac9meterá o acondicionamento do Mar de Sorrizo mellorando a estética e o illamento térmico do edificio para crear un espazo de atención ao público destinado á divulgación.
- ✓ **MELLORA DE CAMIÑOS EN SORRIZO.** Asfaltáronse diferentes camiños para mellorar a mobilidade dos veciños no día a día e a comunicación entre os diferentes lugares.
- ✓ **PARQUE DE CHAMÍN.** O Concello iniciou as obras de construción dunha gran área recreativa en Chamín.
- ✓ **ASFALTADO EN CHAMÍN DE ABAIXO E COLECTOR EN PEDRA DA AREA.** Traballos de mellora nos camiños de Chamín de abaixo mediante o asfaltado dos mesmos e a instalación dun colector na zona.
- ✓ **COMPRA DE FINCAS EN SISALDE PARA O FESTIVAL.** Carlos Calvelo pechou a compra de tres solares onde se celebra o festival para que a zona pase a ser de titularidade municipal e convertela nun espazo máis natural no que se desenvolvan novas zonas verdes. Ao mesmo tempo, tamén se adquiriron outros terreos para melloras no sistema de captación de auga.
- ✓ **LIMPEZA DE LAVADOIROS E FONTES.** O Concello fixo un seguimento para limpar e acondicionar fontes e lavadoiros en Santaia igresario, Chamín do medio e Chamín de abaixo.
- ✓ **ACONDICIONAMENTO DO APARCAMENTO EN SANTAIA.** Traballos para a mellora e o acondicionamento do espazo de aparcamento situado debaixo da igrexa.
- ✓ **CANALIZACIÓN REGATO EN SANTAIA.** Completáronse as actuacións necesarias para controlar o caudal e evitar inundacións na zona.

PROXECTOS

- ✓ **AMPLIACIÓN NA ESCOLA INFANTIL DA LAGOA.** Está previsto mercar unha finca que permitirá ampliar o patio da escola infantil e construír tamén un parque.
- ✓ **ACONDICIONAMENTO DO APARCAMENTO DA LAGOA.** Limpeza e sinalización dos espazos de estacionamento na zona.
- ✓ **PARQUE NO MAR DE SORRIZO.** O Concello habilitará unha área de descanso que contará con zona de ocio, aparcamentos e un miradoiro con vistas á costa.
- ✓ **SENDA PEONIL EN SORRIZO.** Construirase unha senda que permita mellorar a comunicación e faga máis seguros os traxectos entre A Lagoa, Eiris, O Campo e O Moucho.
- ✓ **ACONDICIONAR O PORTO DE SORRIZO.** Mellora deste espazo natural e instalacións de duchas para que veciños e visitantes gocen da tranquilidade da zona da mellor maneira.
- ✓ **COMPLETAR PASEO DENDE CHAMÍN A SORRIZO.** O Concello continuará co proxecto da senda que conecta a ría de Chamín ata o porto de Sorrizo e que permitirá un tránsito a pé máis seguro.
- ✓ **MELLORAS NO PARQUE DE CHAMÍN.** Acondicionarse o espazo para mellorar a experiencia dos máis pequenos con novos xogos.
- ✓ **ACONDICIONAR O CAMPO DA FESTA.** Están previstas diferentes actuacións para o acondicionamento e melloras deste espazo de celebración.
- ✓ **SANEAMENTO EN SANTA IRENE E RÚA DA COSTA.** Levaranse a cabo traballos de saneamento en Santa Irene e a rúa da Costa en zonas que forman parte da senda á praia de Chamín.
- ✓ **COMPRA DO MONTE DE CARTAS.** O Concello seguirá co seu proxecto de incorporar parcelas da zona ao patrimonio municipal mercando este espazo na fraga de Sisalde. Tamén se ampliará a ponte e realizaranse labores de acondicionamento na zona para favorecer unha mellor captación de auga.



1. O goberno de Calvelo construíu un novo centro social en A Lagoa
2. O concello creará un gran área recreativa en Sisalde
3. O concello está acometendo as obras dun gran parque en Chamín